



XUNTA DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, NO TERREO DA INVESTIGACIÓN EN MATERIA DE CONSUMO.

REUNIDOS:

Por unha banda, _____, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, con enderezo social na rúa Maestranza s/n da Coruña e con _____, en nome e en representación da citada institución, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG de 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007 de 11 de outubro, polo que outorgan ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade.

Por outra banda, _____, directora do Instituto Galego do Consumo e da competencia, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 13 dos estatutos do IGCC publicados mediante Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (DOG nº 160, do 25 de agosto de 2016), e o artigo 1 da Resolución do 23 de marzo de 2017 sobre delegación de competencias en diversos órganos deste instituto (DOG nº 74, do 18 de abril de 2017).

EXPONEN:

PRIMERO. - En virtude do artigo 30.1.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, e de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma galega, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11ª e 13.2 da Constitución, a competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor e do usuario, todo isto sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre a defensa da competencia.

Como consecuencia desa asunción de competencias, por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, aprobouse a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia como organismo autónomo de carácter administrativo ao que lle corresponde a realización, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da política de defensa do consumidor e usuario nos ámbitos de inspección, vixilancia do mercado, mediación e arbitraje.



XUNTA DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SEGUNDO. - Que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e a Universidade de A Coruña, son conscientes da necesidade de abrir unha liña de colaboración na investigación no eido do consumo, conseguindo desta forma acadar un maior grado de eficacia na protección dos consumidores ampliando o abano de procedementos e investigando en novas formas de coñecer produtos ou substancias que podan conducir a provocar un risco grave para os consumidores.

Que a Universidade da Coruña dispón de Centros de Investigación, como por exemplo / o Instituto Universitario de Medio Ambiente (IUMA), que desenvolve liñas de investigación P relacionadas moi directamente coa colaboración dita no parágrafo anterior.

Que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia dispón do Laboratorio de Consumo de Galicia (LCG) no que existe un laboratorio químico de análise de produtos de consumo que desenvolve tarefas de estudo, análise e investigación relacionadas moi directamente coa colaboración dita no parágrafo anterior.

Que a combinación de coñecementos na la realización de actividades conxuntas favorece a mellora da competitividade e permite actuar como referentes tecnolóxicos a ambas institucións, e que os espazos de cooperación mutua e de intercambio de información entre institucións de investigación favorece o desenvolvemento de técnicas e coñecementos que redundará en definitiva en beneficio de los consumidores.

Por isto, considerase que estes fins poden instrumentarse a través de diferentes formas de colaboración entre o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e a Universidade de A Coruña

De acordo con o exposto, ambas partes firman o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMERA: Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a colaboración entre o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) e a Universidade de A Coruña (UDC) co fin de potenciar a implicación de ambas entidades para facilitar o estudo e a investigación no terreo do análise de produtos de consumo.



XUNTA DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SEGUNDA: Compromisos del IGCC.

- a) Ensaio de intercomparación.- O IGCC facilitará a participación da Universidade de A Coruña nos ensaios de intercomparación de produtos de consumo que realiza periodicamente a través do Laboratorio de Consumo de Galicia (LCG), incluíndo o análise dos resultados dos exercicios de intercomparación, así como as comunicacións anteriores e posteriores que se realicen relacionadas co mesmo.

A participación nos ensaios de intercomparación permitirá ao persoal vinculado á universidade de A Coruña o acceso, con plena garantía dos dereitos dos consumidores, a os procedementos de análise, sistema de cálculo e resultados que se obteñan.

- b) Proxectos de investigación.- O IGCC facilitará a participación da Universidade de A Coruña, a través do IUMA, nos proxectos de investigación que realice relacionados co desenvolvemento de metodoloxía de análise, fundamentalmente no estudo das sustancias nocivas presentes nos produtos de consumo, capaces de prexudicar aos consumidores e ao medio ambiente
- c) Actividades formativas e intercambio de experiencias en materia de consumo.- O IGCC facilitará a participación do persoal da Universidade de A Coruña nas actividades formativas, de divulgación e intercambio de experiencias que organice, en particular naquelas que aborden a investigación en materia de seguridade dos produtos non alimenticios.

TERCEIRA: Compromisos da Universidade de A Coruña

- a) Ensaio de intercomparación.- A Universidade de A Coruña facilitará a participación do IGCC, a través del LCG, nos ensaios de intercomparación relacionados con produtos de consumo que realice, incluíndo o análise dos resultados dos exercicios de intercomparación, así como as comunicacións anteriores e posteriores que se realicen relacionadas co mesmo.

A participación nos ensaios de intercomparación permitirá ao persoal vinculado ao LEG o acceso, con plena garantía dos dereitos dos consumidores, a os procedementos de análise, sistema de cálculo e resultados que se obteñan.

- b) Proxectos de investigación.- A Universidade de A Coruña, facilitará la participación de IGCC, a través del LCG, nos proxectos de investigación que realice relacionados co desenvolvemento de metodoloxías de análise, fundamentalmente no estudo das sustancias nocivas presentes nos produtos de consumo, capaces de prexudicar aos consumidores e ao mesmo tempo incidir negativamente sobre o medio ambiente en xeral.
- c) Actividades formativas e intercambio de experiencias en materia de de vixilancia del mercado e seguridade dos produtos.- A Universidade de A



XUNTA DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Coruña facilitará a participación do persoal do IGCC nas actividades formativas, de divulgación e intercambio de experiencias que organice, en particular naquelas que aborden a investigación en materia de seguridade dos produtos non alimenticios.

CUARTA: Desenvolvemento do Convenio.

O presente convenio non supón custo para as partes sen prexuízo de que poidan establecerse anualmente acordos específicos para o desenvolvemento de accións ou proxectos concretos, que terán que ser recollidos nun documento específico que se xuntará ao presente convenio, con as obrigas de cada parte. Este anexo deberá conter, a lo menos:

- a) Descrición do Plan de traballo, que incluírá as distintas fases e a cronoloxía da súa execución.
- b) Orzamento total e medios materiais e humanos que requira o citado programa, especificando os aportes de cada entidade ou outras fontes.

QUINTA: Coordinación técnica das actuacións.

A coordinación técnica das actividades se realizará a través dun grupo de coordinación composto polas persoas que designe a Universidade de A Coruña, e polos correspondentes representantes do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

No seno deste grupo, poderán decidirse as actuacións que se consideren precisas para potenciar o presente convenio, incluíndo a posibilidade propoñer convenios de ampliación a outros campos de actividade non contemplados no presente documento.

No marco do presente convenio inclúese así mesmo, o intercambio entre as dúas institucións participantes de material divulgativo e publicacións que cada una delas teña realizado. Nas publicacións ou documentos divulgativos elaborados en virtude deste convenio constará a identificación, como colaboradoras, de ambas institucións.

SEXTA.- Comisión de seguimento.

Para a valoración global do grado de cumprimento do Convenio, créase unha Comisión paritaria de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes asinantes do convenio. A presidencia de dita comisión será rotatoria entre as dúas partes por períodos semestrais, empezando dita presidencia rotatoria ostentada por un dos representantes do Instituto Galego do Consumo e da Competencia. Está comisión é competente para resolver os problemas de interpretación e cumprimento do convenio que puideran



XUNTA DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

suscitarse e concretamente sera competente, en relación ós acordos específicos que puideran establecerse e mencionados na cláusula cuarta deste convenio, para:

- Elevar as propostas ás partes.
- Realizar o seguimento destes acordos específicos que se asinen

As cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio, serán resoltas en primeira instancia pola comisión mixta paritaria. Para os conflitos eventuais e controversias que poidan xurdir entre as partes e que non poidan ser resoltas na comisión mixta, serán de coñecemento e competencia do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

SÉPTIMA .- Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terán una duración de 4 anos académicos, estendéndose ata o mes de agosto do ano 2.022.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unánimamente a súa prórroga por un período de outros catro anos académicos adicionais ou a súa extinción.

Non entranto, a denuncia do convenio non afectará as prácticas que xa se viñesen realizando no momento de a efectuar.

OITAVA.- Non existencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Instituto Galego do Consumo e da Competencia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

NOVENA .- Confidencialidade

As partes deberán respectar fronte a todas as persoas non directamente intervinientes e terceiros en xeral, unha confidencialidade estrita e rigorosa respecto a toda información, documentación e modalidades concretas de implementación de proxectos á que se teña acceso en virtude da execución do Convenio, adoptando as medidas para que o persoal vinculado directa o

indirectamente ao seu cumprimento tome as medidas necesarios a tal finalidade.

DÚODÉCIMA.- Protección de datos

De acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, DOUE do 4 de maio), as partes comprométense a non utilizar tales datos de carácter persoal con finalidade distinta á da execución do presente acordo, a non cedelos nin comunicalos baixo ningún concepto, e en especial a non reproducir, publicar ou difundir ningunha información acerca deles.

Cada parte responderás dos incumprimentos da normativa de protección de datos de carácter persoal nos que incorra.

En proba de conformidade, asínase o presente documento en todas as súas follas por triplicado exemplar e para un só e para un mesmo efecto.

En A Coruña , a 8 de decembro de 2018

Pola Universidade da Coruña

Polo Instituto Galego do Consumo e da Competencia

Constatase expresamente que
este convenio foi
efectivamente asinado

Constatase expresamente
que este convenio foi
efectivamente asinado